

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 15/09/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
PAOLA MARIA MOCHALES
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
CARLOS COIRA LOJO

Lista de non asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 15/09/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 08 de setembro de 2025, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/3525

Dáse conta do escrito presentado por Dona Pilar Ordas Barreras solicitando a sinalización de prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa 8 de A Rosaleda, Sobradelo.

Visto o informe da Policía Local no que se fai referencia á inexistencia de prazas para persoas con mobilidade reducida na zona, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida á altura do inmovible nº 6 (entre a porta de entrada e o portal da vivenda).

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3526

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Costa Cores, solicitando a habilitación de prazas de estacionamento para residentes na zona da Praza da Liberdade e o Porto de Carril.

Dáse conta de informe da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acora comunicarlle que se vai a tramitar unha modificación da ordenanza municipal de circulación para a creación en terreos de titularidade municipal, de zonas de residentes.

PRP2025/3527

Dáse conta de escrito presentdo por D. José Luis Tabares Maneiro, solicitando a sinalización de estacionamento en batería na Rúa San Antonio e Combe.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada unha inspección en rúa San Antonio e Combe, infórmase en referencia o cambio de orientación das prazas de estacionamento para crear máis prazas que, corroborado cos vecinos da zona e comprobado o lugar, NON existe un problema de escaseza de prazas para estacionar vehículos.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado ao considerar que non é necesario.

PRP2025/3529

Dáse conta de escrito presentado por D. Francisco Javier Bustelo Vidal solicitando a instalación de dous badéns, reparacións de pavimento, e melloras na sinalización na Rúa Lago de Rubiáns. Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección, observase que:

- En dita rúa o tráfico maioritario son veciños da zona.
- Que dado o sinuosos que son os camiños que forman a rúa, a velocidade dos vehículos ten que ser moderada.
- Que á altura da vivenda nº 21 existe un paso elevado para que os vehículos reduzan a velocidade, reforzado por dous máis situados en Rúa Río Leiro.
- Que se terá en conta á hora de facer controis de radar por parte da Policía Local.
- Que se podería instalar unha cámara de video vixilancia na entrada da Rúa Lago de Rubiáns pola vía N640, para disuadir e facer que os vehículos reduzan a velocidade unha vez que abandonan dita vía.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que se estudará á colocación da cámara de video vixilancia, de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local.

PRP2025/3530

Dáse conta do escrito presentado por Dona Monica Pérez Feijoo solicitando a colocación de sinalización de prohibición de acceso a vehículos alleos e sinalización con liña amarela no vao permanente.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que os vaos non poden ser pintados por tratarse dunha zona peonil onde o estacionamento de vehículos non está permitido, se ben se podería sinalizar cun sinal de entrada prohibida excepto garaxes no acceso por Avda. Doutor Tourón e na intersección de Avda. Matosinhos con Rúa Xunqueira.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a instalación de sinalización de conformidade co informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3532

Dáse conta do escrito presentado por D. Roberto Sobrado Miguelez solicitando o pintado de liña amarela co fin de evitar que os vehículos estacionen nas escaleiras de acceso á Axencia de lectura de Carril, na Rúa Santiago nº 22.

Visto o informe da Policía Local no que se fai referencia á inexistencia de marcas viais, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda a pintar unha liña amarela continua acompañada de sinal R307 que impide o estacionamento de vehículos.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3533

Dáse conta do escrito presentado por Dona Concepción Novo Martiñan indicando que pola rúa existente pola traseira da edificación situada na Rúa Santiago 20, Carril, circulan vehículos, tratándose dunha vía moi estreita, o que lle ocasiona danos na fachada da súa vivenda, e solicita que se prohiba a circulación pola mesma.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á instalación de sinal R101 de prohibida a entrada de vehículos a dita rúa xa que carece de ancho para o paso de vehículos.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3534

Dáse conta do escrito presentado por D. Joan Planas Benito solicitando a sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Rúa A Xunqueira.

Visto o informe da Policía Local no que se fai referencia á inexistencia de prazas para persoas con mobilidade reducida na zona, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á

sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida á altura do nº 43 da Rúa A Xunqueira.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2025/3535

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Noelia Del Rio Lago solicitando un pivote para delimitar unha zona de aparcamento co fin de garantir a seguridade dos vehículos que saen do inmovible nº 123 da Avda. de Cambados, indicando que os vehículos non respectan a liña amarela pintada.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que o vao permanente está correctamente sinalizado e a pintura que delimita o mesmo en bo estado, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que a solución pasa por requirir á Policía Local no momento en que haxa vehículos estacionados no citado vao, e serán retirados. Así mesmo podería pintar, pola súa conta, unha liña amarela para destacar máis a existencia do vao, se o considera oportuno.

PRP2025/3536

Dáse conta do escrito presentado por Dona Verónica Triadu Figueras no que indica que Na Avda. Doutor Moreira Casal e Rúa Luisa Vila Janer os vehículos superan a velocidade e non paran para ceder o paso aos peóns nos pasos de peóns sinalizados, polo que solicita a adopción de medidas para impedir os excesos de velocidade.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que realizada inspección nas Rúas Moreira Casal e Luisa Vila Janer podese comprobar que na Rúa Moreira Casal hai dous vadéns elevados, un no principio da rúa e outro no fin, e na segunda hai catro vadéns elevados polo que non se ve necesario instalar máis elementos redutores de velocidade.

A Xunta de Goberno local queda sabedora e acorda que se realicen controis de velocidade na zona.

Dar conta á Policía Local.

PRP2025/3560

Dáse conta do escrito presentado por Dona Carla Cores Patiño, solicitando autorización para instalar un posto de alimentación mobil (Food Truck) en Vilaxoán, con motivo do Festival As Revenidas, os días 11, 12, 13 e 14 de setembro de 2025.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3562

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lucia Robinson Macioszek, solicitando autorización para instalar un estudo de tatuaxes mobil en Vilaxoán, con motivo do Festival As Revenidas, do 11 ao 14 de setembro de 2025.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3580

Dáse conta do escrito presentado por Dona Noemi Nuñez Castro, solicitando autorización para instalar unha unidade mobil de restauración (Food Truck) na Praza de Galicia, o día 31 de outubro de 2025, en horario de tarde-noite (creps, gofres, salchipapas)

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para instalar a unidade mobil de restauración na Praza da II República, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/3587

Vista a solicitude de Dona María de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía de Arousa, e o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle o uso da Praza da Peixería os días 2, 3, 4, 5 e 6 de outubro de 2025, para a celebración dun mercado benéfico, debendo asegurarse do cumprimento, tanto das normas sanitarias que poidan fixarse, como das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Deberán cumprir as seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Será responsabilidade do solicitante o control de aforo.
- Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

PRP2025/3588

Dáse conta do escrito presentado por Dona Paula Loureiro García, indicando que a parada de autobuses situada na Rúa Vilar, á altura do nº 37, se atopa deteriorada, tendo o asento roto, e solicitando que se proceda á reparación da mesma.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se procederá á súa reparación ou substitución, a fin de evitar que se produzan lesións aos usuarios da mesma.

RECURSOS HUMANOS

PRP2025/3593

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencia a sesións do Pleno, Xuntas de Goberno, Comisións Informativas, Mesas de Contratación e Xerencia de Urbanismo, do 1 ao 31 de agosto de 2025, por un importe total de 2.600,00 € e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	PLENOS E XGL		COMISIÓNS INFORMATIVAS		MESA CONTRATACIÓN XERENCIA URBANISMO		TOTAL EUROS
	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	Nº sesións	Importe	
D. CARLOS COIRA LOJO	3	x 150,00	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	450,00 €

		€					
D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	4	x 150,00 €	---	x 125,00 €	---	x 50,00 €	600,00 €
D ^a LUZ MARIA ABALO PÉREZ	4	x 150,00 €	---	x 125,00 €	2	x 50,00 €	700,00 €
D. JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ ARAÚJO	4	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	650,00 €
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	50,00 €
D ^a MARTA MARÍA FERRADANS PADIN	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	50,00 €
D ^a ROSA M ^a ABUIN RODRIGUEZ	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	50,00 €
D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO	---	x 150,00 €	---	x 125,00 €	1	x 50,00 €	50,00 €
TOTAL							2600 €

PRP2025/3594

En sesión plenaria do 27 de xullo de 2023 acordouse fixar como aportación para gastos de sostemento dos grupos municipais a cantidade mensual de 350,00 € como compoñente fixo e 300,00 € como compoñente variable en función do número de concelleiros do grupo con efectos retroactivos do 17 de xuño de 2023,

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga a favor dos seguintes grupos municipais, por importe total de 7.700,00 €, con cargo á partida 912.489, polo período do 1 ao 31 de agosto de 2025, coa seguinte desagregación:

GRUPO MUNICIPAL	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes xullo
PARTIDO POPULAR G36573152	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
PSdeG-PSOE G36573277	9	350,00	300,00 x 9 = 2.700,00 €	3.050,00 €
BNG V36594372	2	350,00	300,00 x 2 = 600,00 €	950,00 €
ESQUERDA UNIDA V94192663	1	350,00	300,00 x 1 = 300,00 €	650,00 €
TOTAL		7.700,00 €		

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2025/3575

Dáse conta da solicitude de axudas remitida á Consellería de Política Social e Xuventude en data 5 de setembro de 2025 relativa á axuda económica para o funcionamento e gratuidade da atención educativa da escola infantil 0-3 de titularidade municipal ao abeiro da Orde do 18 de agosto de 2025 para o curso 2025/2026 (procedemento BS420D), acordo coas liñas de axuda.

Tendo en conta que a Escola Infantil Municipal comeza o curso en setembro de 2025 con 10 unidades abertas e os datos incorporados de nenos e nenas matriculados á aplicación ESCINF, prevense ás seguintes contías de axudas para o curso 2025/2026 a ingresar ao Concello:

LIÑA 1- mantemento: 60.000,00€

LIÑA 2- gratuidade atención educativa: 73.503,76€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

A axuda da liña 1, de mantemento, por importe de 60.000 €, será transferida a Bonecos SL, coa finalidade de destinala aos gastos de mantemento da Escola Infantil Municipal correspondente ao curso 2025-2026.

EMPREGO

PRP2025/3503

Vista a Conta xustificativa da subvención nominativa concedida a Asoc. Centro Comercial Aberto de Vilagarcía Zona Aberta. CIF: G36256048 e o informe do Departamento de Promoción Económica

Visto o contido do convenio asinado entre as partes no que se reflicten as partidas orzamentarias:

G36256048_ASOCIACIÓN DE COMERCIANTES ZONA ABERTA	Subv. Gastos campaña fomento comercio	4311-48002	15.000, 00 €
	Subv. Actividades promoción turismo	432-48002	5.000,00 €

A Xunta de Goberno Local acorda:

O RECOÑECEMENTO DE OBRIGA E ABOAMENTO DA SUBVENCIÓN A FAVOR DE ASOCIACIÓN CENTRO COMERCIAL ABERTO DE VILAGARCÍA ZONA ABERTA, CIF G36256048, polo gastos das campañas de fomento do comercio local e a hostalería desenvolvidas pola Asociación durante o ano 2025 ”, por importe de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €).

PRP2025/3581

Revisado o expediente de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2025, presentada por INFORMACIÓN DIRECTA, S.L. NIF B36397578 con domicilio en Avenida DOUTOR MOREIRA CASAL Nº: 18 BX - 36600 VILAGARCIA DE AROUSA, a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria, correspondéndolle a seguinte puntuación segundo o baremo aplicable (Base quinta) :

CRITERIO	PUNTOS
Contrato 2 traballadoras menor 30 anos	4
Centro de Traballo en Vilagarcía de Arousa	2
TOTAL PUNTOS	6
SUBVENCIÓN ACADADA	5.000,00 €

Examinada a documentación presentada, considérase que a empresa cumpre o obxecto da subvención e presenta a documentación xustificativa, polo que a Xunta de Goberno Local acorda conceder a subvención solicitada por INFORMACION DIRECTA SL NIF. B36397578, procedendo ao recoñecemento da obriga e ao aboamento da axuda solicitada, por contía de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), con cargo á partida 241.470.

No prazo de 20 días hábiles dende a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (suministrado polo departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

PRP2025/3585

Dáse conta de Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola UE no marco do programa FSE+Galicia 2021/2027 e se convocan para o ano 2025 (TR350E).

O Concello de Vilagarcía solicitará á Consellería de Emprego a subvención paara a contratación de dúas persoas inscritas no Sitema Nacional de Garantía Xuvenil, demandantes de emprego, inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, cun contrato a tempo completo de nove meses de duración, un deles co CNO3613 Técnicos Administrativos en Xeral (Grupo de cotización C1) e outro co CNO3715 Animadores Comunitarios (Grupo cotización C1)

Subvención máxima para o Grupo 3: 16.504,56€, polos 9 meses de contratación ao 100% da xornada que ao mes por traballador/a sería 1.833,84E.

Aportación municipal por contratación 9 meses a xornada completa.

GRUPO	NºTRAB	CUSTO/MES	CUSTO/9 MESES	SUBVENCIÓN	APORTACIÓN
C1	2	5.819,04€	532.371,36€	33.099,12€	19.362,24€

A Xunta de Gobarno Local acorda aprobar a solicitude de subvención e a disposición de financiamento para as partidas orzamentarias que sexan financiadas polo Concello.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/3578

Dáse conta do escrito presentado polo Director da Biblioteca Pública Municipal "Rosalía de Castro" informando que ao igual que anos anteriores, vai dar comezo a andadura do Club de Lectura "Marcapasos" no Auditorio Municipal, que ten, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Potenciar e fomentar o pracer da lectura.
- Ler novos autores.
- Aprender a tolerar ideas contarias ás nosas.

Dáse conta así mesmo das normas da citada actividade.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar o desenvolvemento da actividade indicada.

PRP2025/3577

As publicacións periódicas constitúen un dos materiais bibliográficos máis consultados nas bibliotecas públicas. Os usuarios infantís da Biblioteca Central e Axencias teñen a súa disposición publicacións periódicas orientadas ós seus intereses.

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, na que se indica que se fai necesaria a renovación das seguinte subscricións de revistas infantís, para continuar dando un servizo adecuado ós usuarios da Biblioteca Municipal e Axencias:

- Leo Leo, para o período 01/10/2025 ata 30/09/2026. 4 exemplares para Axencias e Central.
- Caracola, para o período 01/10/2025 ata 30/09/2026. 4 exemplares para Axencias e Central.
- Reportero Doc, para o período 01/10/2025 ata 30/09/2026. 4 exemplares para Axencias e Central.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a renovación das subscricións das citadas publicacións subministradas por Bayard Ediciones, S.A., con CIF A-78874054, por un importe de 546,60 euros, con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2025/3579

Por vixésimo cuarto ano establécense os "Premios anuais ós/ás mellores lectores e lectoras" do servizo de préstamo a domicilio da sección infantil e xuvenil da Rede Municipal de Bibliotecas do Concello (Biblioteca Pública Municipal e Axencias de Lectura de Bamio, Carril e Vilaxoán).

Os galardóns teñen como obxectivo premiar a constancia e fidelidade dos máis pequenos na utilización do servizo de préstamo, ademais de fomentar a utilización da Biblioteca e os hábitos de lectura.

Ó igual que en anos anteriores, os premiados recibirán un lote de libros, adaptado ás distintas idades dos rapaces premiados, e un diploma acreditativo.

A entrega dos premios terá lugar nas dependencias da Biblioteca Municipal, o día 25 de outubro coincidindo coa celebración do Día das Bibliotecas (24 de outubro).

Os premios supeditáanse a unhas normas que se adxutan á proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a convocatoria e as normas que rexen os Premios Anuais ós/ás mellores lectores e lectoras da Biblioteca Municipal e Axencias de Lectura.

PRP2025/3601

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases de axudas á educación infantil para familias con alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos e escolas infantís autorizadas de Vilagarcía de Arousa

para o curso 2025/2026, cun orzamento total de 21.000,00€, con cargo ás partidas 231.48003 (8.500,00 €) e 320.48003 (12.500,00 €).

PRP2025/3603

Vista a proposta das Concelleiras de Educación e Benestar Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases Reguladoras do outorgamento de axudas para estudantes universitarios/as e de ciclos superiores de formación profesional, curso 2024/2025, que, residindo en Vilagarcía de Arousa, realicen os seus estudos fóra do termo municipal, cun orzamento total de 68.000,00 €, con cargo ás partidas 231.48003 (34.000,00 €) e 320.48003 (34.000,00 €), cos seguintes tipos de axudas:

- Estudos Universitarios: axuda 425 €
- Estudos Ciclos Superiores : axuda 225 €

MERCADOS

PRP2025/3597

Dáse conta do escrito presentado por Dona Carmen Lemiña Santos solicitando a baixa do posto nº 64 da Praza do Peixe, da Praza de Abastos, por xubilación o 31 de agosto de 2025.

Visto o informe do Servizo de Mercados e de conformidade co artigo 23.1), d) do Regulamento das Prazas de Abastos do Concello de Vilagarcía de Arousa, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a baixa da concesión do posto nº 64 da Praza do Peixe, da Praza de Abastos de Vilagarcía de Arousa, a todos os efectos, con data 31 de agosto de 2025.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2025/2609

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa, na sesión que tivo lugar o día 24/03/2025, adoptou, entre outros acordos, aprobar a presentación dunha solicitude para as ditas subvencións na modalidade b) das bases: mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico, que considera subvencionables os gastos de persoal e os gastos que supoña a realización de accións ou actividades de dinamización lingüística no período de xaneiro a outubro de 2025.

O 31/03/2025 o SNL presentou a solicitude no rexistro electrónico da Xunta de Galicia para a dita modalidade b): mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico, por unha contía de:

Contía da subvención (sen IVE) solicitada para programas de dinamización lingüística	13.798,77 euros
Contía da subvención solicitada para persoal	39.985,74 euros
Contía total da subvención solicitada (sen IVE)	53.784,51 euros

No DOG número 117 do venres 20/06/2025 publicouse a resolución do 10 de xuño de 2025, da Secretaría Xeral da Lingua, pola que se publica a Resolución do 9 de xuño de 2025 pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 14 de febreiro de 2025. Nela, resólvese a concesión ao Concello de Vilagarcía de Arousa da cantidade de oito mil cincuenta e nove con sesenta (8.059,60) euros (código de procedemento PL400A, número de expediente 2025/0028, modalidade «Mantemento dun servizo lingüístico»).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE

PRP2025/3627

Dáse conta de solicitude de colaboración para a instalación de diverso equipamento e uso de espazos públicos por parte da Asociación Xuvenil Arousa Moza para o desenvolvemento de diversos programas dirixidos á mocidade e que se denominan: Obradoiros de baile:”Cultivando

culturas" (18 e 25 setembro e de 17 a 20.00h en Praza de Galicia) e o programa Arousa Inspira: "Paisaxes de Arte", que se realizará na Praza de Ravela en horario de 10.00h a 23.00h. Solicítase, así mesmo colaboración de varios departamento municipais.

Os programas son os seguintes:

A) Obradoiros de baile: "Cultivando Culturas" (Este é un proxecto europeo financiado do programa Erasmus+) e que se desenvolverá na Praza de Galicia os días 18 e 25 de setembro e en horario de 18.00-20.00h.

B) Arousa Inspira: "Paisaxes de Arte" (Financiado pola Deputación de Pontevedra) Este proxecto o organiza a Asociación Xuvenil de Vilagarcía: Arousa Moza, e propón a organización dunha serie de actividades coa finalidade de promover o talento local e poñer en valor o patrimonio histórico, natural e cultural de Vilagarcía. Esta actividade realizarase o vindeiro día 4 de outubro de 10.00h a 23.00h.

Vista a proposta da Concellería de Xuventude e Voluntariado, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a realización das actividades e:

1º) A colaboración do concello para o desenvolvemento da actividade e a utilización dos espazos para a realización do programa de actividades en Praza de Galicia e Praza Ravela.

2º) A colaboración do Departamento de Electricidade, para facilitar o seguinte equipamento que está dispoñible (consultado o departamento) nestes momentos para empregar os días 18 e 25 e o 4 de outubro:

- 1 altavoz
- 1 micro
- 1 minijack
- un enchufe monofásico 230 voltios

Persoal do depto. para a súa instalación e recollida

3º) Instalación do seguinte material dispoñible, consultado o departamento, por parte do depto.

De obras para os días 18 e 25 de outubro:

-Unha carpa para cada un dos días de obradorio de baile

Para o día 4 de outubro (consultado o departamento) e o equipamento dispoñíbel é o seguinte:

-Tarima a instalar ten que ser das seguintes dimensións: 4X3 ou 5X3, consultado co responsable da actividade empregarían o escenario de 4X3 e o alto da tarima ten que ser de 0,30 ou de 0,75 (aspecto que concretará o responsable da actividade co depto. de obras así como, o alto elixido a colocación de barandillas segundo lexislación). Esclaeiras laterais.

- 4 vallas
- 3 carpas
- 75 cadeiras
- Persoal do dpto. de obras para a súa instalación e recollida.

Deberá axustarse ás seguintes condicións:

- Achegar, antes do comezo da actividade, o seguro de responsabilidade civil e recibo de abono do mesmo.
- Responsabilizarse do control de acceso e saída ao recinto solicitado así como do bo desenvolvemento da actividade no relativo ao control do aforo máximo da instalación.
- Cumprir as medidas hixiénico-sanitarias vixentes en todo momento nas instalacións solicitadas e nas actividades, así como aquelas dadas polas autoridades sanitarias competentes e a respectar, as normas municipais de réxime interior das respectivas instalacións.
- Será a cargo da entidade organizadora, calquera tipo de taxa, imposto, da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que se deriven do desenvolvemento da actividade.
- A responder dos actos que se realicen na instalación e materiais concedidos e das consecuencias que deles se deriven, así como de toda responsabilidade civil derivada de calquera acto. As actividades que desenvolva o grupo de participantes na actividade ou entidade organizadora non teñen cosideración de actividade propia do concello de Vilagarcía, polo que os riscos, accidentes e danos derivados das actividades que desenvolva a entidade ou grupo serán responsabilidade exclusiva da dita entidade organizadora.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/3181

Dáse conta da chegada a o Departamento de Medio Ambiente o día 16/07/2025 dunha comunicación de Augas de Galicia no que achega o informe correspondente á auditoría realizada no funcionamento da EDAR e no que se indican os seguintes aspectos:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas.
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento con rendemento insuficiente

Así mesmo fan unha serie de recomendacións para subsanar as deficiencias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora do informe de Augas de Galicia, así como do emitido por Espina y Delfín SL, empresa concesionaria. Á súa vista, a Xunta de Goberno Local, acorda solicitar a Espina y Delfín SL informe técnico sobre o estado dos pilares da pasarela.

PRP2025/3500

O día 7 de agosto de 2025 a CMMVVMC N° 3004 Cornazo e Solobeira presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMMVVMC N° 3004 Cornazo e Solobeira entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1 da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa mixta procedente de rexeneración natural onde nunca se realizaron labores de roza formada por PIÑEIRO como especie principal e CARBALLO e EUCALIPTO como secundarias), levarase a cabo unha roza manual da totalidade da superficie, rareo manual seleccionando os mellores pés da masa, poda sobre o piñeiro e frondosa que queden tras o rareo e trituración de restos, nunha superficie de 2,80 ha.
- Na mouteira 2 (correspóndese cunha superficie ocupada por un antigo campo de fútbol con vexetación herbácea e puntos con acacia), levarase a cabo unha roza mecanizada con tractor co fin de rozar a matogueira existente nunha superficie de 0,46 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 9.984,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abranguidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1 e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 9.984,00 €, con cargo á partida 1720.489, á CMMVVMC N° 3004 Cornazo e Solobeira con CIF V 36103760 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3501

O día 6 de agosto de 2025 a Comunidade montes veciñais en man común de Cea Vilagarcía presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade Montes Vecinales Man Común de Cea Vilagarcía entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obriga coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa. As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 e 2 (formada por unha masa mixta con presenza de carballos, castiñeiros e piñeiros na mouteira 1 e unha masa de piñeiro con rexenerado de frondosa), levarase a cabo unha roza manual da totalidade da superficie, poda de formación sobre a totalidade dos pés presentes no rodal, rareo da masa baixando densidades e trituración de restos ou picado, nunha superficie de 1,20 ha e 1,68 ha respectivamente.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa cuxa especie principal é a acacia), levarase a cabo unha roza manual da totalidade da superficie, rareo da masa baixando densidades e fomentando o desenvolvemento das frondosas rexeneradas que estean presentes e trituración de restos ou picado, nunha superficie de 0,11 ha.
- Na mouteira 4 (formada polos noiros en torno a un antigo campo de fútbol), levarase a cabo unha roza manual da totalidade da superficie e trituración de restos ou picado, nunha superficie de 0,63 ha.
- Na mouteira 5 (formada por masa de piñeiro do país rexenerada de xeito natural), levarase a cabo unha roza manual na liña de planta así como o rareo do rexenerado de piñeiro presente no rodal e posterior trituración de restos, nunha superficie de 0,42 ha.
- Na mouteira 6 (formada por masa mixta de frondosa, con presenza de castiñeiros, nogueiras e salgueiros), levarase a cabo unha roza manual da totalidade da superficie, selección de gromo de frondosa, poda de formación e trituración de restos ou picado, nunha superficie de 0,37 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 10.042,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e dado que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 10.042,00 €, con cargo á partida 1720.489, á Comunidade Montes Vecinales Man Común de Cea Vilagarcía con CIF V 36156214 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3540

O día 7 de agosto do 2025 a C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obriga coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha superficie de pistas forestais), levarase a cabo unha trituración con martelos nunha superficie de 0,11 ha.
- Na mouteira 2 (superficie ocupada por unha masa de EUCALIPTO procedente de rexeneración espontánea que presenta matogueira con toxo, fento e xesta), levarase a cabo unha roza abrindo as rúas, roza manual na liña de planta, selección dos brotes das cepas de eucalipto, amoreado e trituración posterior, nunha superficie de 0,47 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha superficie que se sitúa arredor dunha construción), realizarase unha roza da totalidade da superficie e a posterior trituración de restos nunha superficie de 0,03 ha.
- Na mouteira 4 (formada por masas de PIÑEIRO e FRONDOSA procedente de plantación), realizarase unha roza na totalidade da superficie de 4,283 ha.
- Na matogueira 5 (formada por unha superficie que se sitúa arredor dunha construción), realizarase unha roza da totalidade da superficie e a posterior trituración de restos nunha superficie de 0,03 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 6.498,10 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acoda a concesión de 6.498,10 €, con cargo á partida 1720.489, á C.M.V.M.C. de Trabanca Sardiñeira con CIF V 36103125 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3541

O día 7 de agosto de 2025 a Comunidade de montes en man común de Loenzo presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes en man común de Loenzo presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa mixta de FRONDOSA caducifolia procedente de rexeneración natural) roza da totalidade da superficie, selección de brotes sobre as cepas de frondosa, poda de formación e poda data 1/3 de altura da árbores e trituración de restos, picado ou extracción nunha superficie de actuación de 3,14 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 10.048,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidad de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidad de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 10.048,00 €, con cargo á partida 1720.489, á Comunidade de Montes en Mano Común de Loenzo con CIF V 36136430 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3542

O día 7 de agosto do 2025 a Comunidade de montes veciñal Fontecarmoa presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes veciñal Fontecarmoa presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que comprenden cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha superficie de pistas forestais) levarase a cabo a roza mecanizada con tractor de brazo nos laterais das pistas nunha lonxitude de 0.997 km.
- Na mouteira 2 (formada por unha superficie ocupada por vexetación baixa como fento, toxo e rebrote de eucalipto), levarase a cabo unha roza mecanizada d totalidade da superficie de 0,845 ha.
- Na mouteira 3 (formada por unha masa mixta adulta procedente de rexeneración natural e constituída principalmente por EUCALIPTO), levarase a cabo a trituración con martelos da vexetación existente nunha superficie de 0,845 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 1.554,51 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidad de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidad de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 1.554,51 €, con cargo á partida 1720.489, á Comunidade de Montes Veciñal Fontecarmoa con CIF V 36187409 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3543

O día 7 de agosto de 2025 a CMMVMC N3006 Sobrán e Vilaxoán presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a

proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMMVVMC N3006 Sobran e Vilaxoán entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1 da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (superficie ocupada por unha masa de PIÑEIRO procedente de plantación que presenta abundante matogueira con toxo, fento, silva e xesta), levarase a cabo unha roza manual da totalidade da superficie de 12,40 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 11.000,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abranguidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concillería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 11.000,00 €, con cargo á partida 1720.489, á CMMVVMC N3006 Sobran e Vilaxoán con CIF V 36187995 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3544

O día 7 de agosto do 2025 a CMVMC de Guillán presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a CMVMC de Guillán presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa mixta procedente de rexeneración natural con presenza de eucalipto, carballo e outras especies, así como abundante matogueira de toxo, xesta e fento) roza manual na totalidade da superficie, rareo da masa, amoreado de restos e trituración posterior nunha superficie de 0,95 ha.
- Na mouteira 2 (formada por superficies de matogueira con pés illados de eucalipto) trituración con martelos de toda a vexetación de matogueira e arborado menor nunha superficie de 0,92 ha.
- Na mouteira 3 (superficie con presenza de abundante matogueira e herbáceas) roza na totalidade da superficie, amoreado de restos e trituración posterior nunha superficie de 0,51 ha.

- Na mouteira 4 (formada por unha masa de EUCALIPTO procedente de rexeneración que medra en espesura), roza da totalidade da superficie e rareo da masa, amoreado e trituración de restos nunha superficie de 0,16 ha.
- Na mouteira 5 (formada por una masa de PIÑEIRO procedente des plantación) realizarase a roza da totalidade da superficie nunha superficie estimada de 3,70 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 9.294,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abranguidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 9.294,00 €, con cargo á partida 1720.489, á CMVMC de Guillán con CIF V 36436319 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3545

O día 7 de agosto de 2025 a Comunidade de montes Trabanca Badiña presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Comunidade de montes Trabanca Badiña presenta a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos na bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, co ATRIGA, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1, (formada por unha masa de frondosas e froiteiras procedentes de plantación con abundante matogueira no extracto arbustivo), roza manual da totalidade da superficie nunha superficie de actuación de 0,25 ha.
- Na mouteira 2, (formada vexetación procedente de rexeneración espontánea con presenza de pés de frondosa e cepas de eucalipto con abundante rebrote), roza da totalidade da superficie para a eliminación total de eucalipto e respectando todos os pés de frondosa autóctona presentes no rodal. Tras a roza realizarase a trituración dos restos. A superficie de actuación será de 2,30 ha.
- Na mouteira 3 (superficie ocupada por cepas con rebrote de eucalipto procedentes de rexeneración natural que presenta matogueira formada por toxo, xesta e fento), roza da totalidade da superficie, a selección dos brotes de eucalipto, amoreado de restos e trituración posterior nunha superficie de 1,27 ha.
- Na mouteira 4 (superficie ocupada por unha masa procedente de rexeneración natural con pés illados de eucalipto que presenta estrato arbustivo formado principalmente por toxo, fento e silva), roza da totalidade da superficie, rareo da masa eliminando os pés de menor tamaño e amoreado de restos e trituración, nunha superficie de 0,20 ha.
- Na mouteira 5, (formada por masa de PIÑEIRO procedente de plantación con abundante matogueira que mesmo supera a altura do piñeiro e pon en risco a masa) roza da totalidade da superficie, realizando o traballo mecanizado entre rúas de plantación con tractor e manual entre as liñas de planta nunha superficie de 2,27 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 10.032,00 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abrangidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 10.032,00 €, con cargo á partida 1720.489, á Comunidade de montes Trabanca Badiña con CIF V 36301828 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3546

O día 7 de agosto do 2025 a Comunidade de montes en man común da parroquia de Rubiáns presenta neste Concello, dentro do prazo conferido ao efecto, por rexistro de entrada solicitude de axuda municipais a proxectos de actuación preventivas destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2025.

Despois de revisar a documentación compróbase que a Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns entregou a solicitude acompañada de todos os documentos preceptivos establecidos na base 3.1. da convocatoria, entre eles a declaración responsable de que compren cos requisitos establecidos nas bases reguladoras do programa de axudas a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios. Así mesmo conta no expediente que se atopa ao corrente da obrigas coa Seguridade social, coa Consellería de Facenda, coa AEAT e co Concello de Vilagarcía de Arousa.

As actuacións solicitadas, segundo a memoria técnica presentada, son:

- Na mouteira 1 (formada por unha masa mixta rexenerada con abundante matogueira de toxo, xesta, fento e silva, na que tamén está presente cepas de eucalipto), roza da totalidade da superficie, selección de brotes tanto de frondosas como de eucalipto, así como poda de formación e posteriormente a trituración de restos nunha superficie de 0,82 ha.
- Na mouteira 2 (superficie ocupada por unha masa mixta procedente de rexeneración espontánea na que predominan as frondosas e tamén cepas de eucalipto), roza da totalidade da superficie, selección de brotes tanto dos pés de frondosas como de eucalipto, así como poda de formación nos pés de frondosa e amoreado de restos para a trituración posterior nunha superficie de 1,20 ha.
- Na mouteira 3 (superficie ocupada por unha masa mixta de frondosas procedentes de rexeneración natural que presenta matogueira con toxo, xesta, silva e fento) roza da totalidade da superficie, a poda de formación dos pés de frondosa presentes na masa e picado de restos nunha superficie de 0,25 ha.
- Na mouteira 4 (formada por pistas que discorren polo terreo veciñal), roza mecanizada en marxe de camiños nunha lonxitude de 3,13 km e roza mecanizada con rozadoira de cadeas nas plataformas das pistas nunha superficie de 0,94 ha.

As actuacións solicitadas poden ser obxecto de subvención segundo o regulado na base 1.4 reguladora das axudas municipais.

A solicitude de axuda é de 9.545,90 euros. Segundo o regulado na base 1.4.2 os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC, pertencente a unha Mancomunidade de montes veciñais en man común con enderezo social en Vilagarcía, un máximo de 11.000 euros.

A Comunidade presenta un certificado de pertenza á Mancomunidade de montes veciñais en man común de Vilagarcía con NIF V 94156486.

Tendo en conta que as actuacións solicitadas están incluídas dentro das actuacións subvencionables abranguidas na base 1.4 e que a documentación presentada é correcta segundo a base 3.1, e vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión de 9.545,90 €, con cargo á partida 1720.489, á Cdad de montes en man común da parroquia de Rubiáns con CIF V 36532927 por cumprirse os requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

PRP2025/3582

Dende o ano 2021 Augas de Galicia leva a cabo inspeccións naquelas industrias municipais que, polo seu tipo de actividade, son susceptibles de producir augas residuais que poden afectar ao correcto funcionamento do sistema de saneamento, co obxectivo de constatar que o vertido destas se produce observando as prescricións contidas no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia.

Así, o día 23/06/2025 o Servizo de abastecemento e saneamento de Augas de Galicia levou a acabo inspección na empresa “Conservas Portomar S.L.U.” comprobando que o punto de vertido ao sistema de saneamento NON se atopaba accesible para a recollida da mostra, debido a atoparse un vehículo estacionado enriba dese punto. Este feito é habitual e reiterado e vulnera os artigos 13.c) e 7.d) do Decreto anteriormente citado que obriga a que toda arqueta de rexistro debe estar libre de calquera obstáculo e accesible aos servizos técnicos competentes para a obtención de mostras.

Por isto o organismo autónomo require a este Concello para que tome as medidas necesarias para a adecuación do punto de vertido da empresa Conservas Portomar que deberá mantelo accesible para a realización das tarefas de inspección de acordo co Decreto 141/2012.

Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda requirir á Empresa Conservas Portomar SLU para que adopte as medidas oportunas para impedir que se estacionen vehículos no punto de vertido para asegurar a súa accesibilidade.

Dar conta á Policía Local aos efectos oportunos.

PRP2025/3584

Con data do 30 de decembro de 2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOG número 250) a Orde do 17 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal para a mellora dos puntos limpos fixos, a adquisición de puntos limpos de proximidade, a adquisición de puntos limpos móbiles así como o fomento da preparación para a reutilización e a autorreparación (PxR), cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea- NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrència non competitiva por anticipado de gasto para o ano 2025 (código de procedemento MT975U).

O día de 24 de abril de 2025 a Xunta de Galicia notificou ao Concello de Vilagarcía a resolución da concesión das mencionadas axudas figurando este como beneficiario da LIÑA 1 cunha contía de subvención de 8.100,00 euros (sen IVE) para o tapado apertura do almacén de RAEE e da LIÑA 4 cunha contía de subvención de 6.300,00 euros (sen IVE) para o portón e andeis no espazo de aproveitamento e reutilización.

Solicitados orzamentos para o tapado da apertura do almacén RAEE (Liña 1) e para o portón do espazo de aproveitamento e reutilización (Liña 4), presentaronse os seguintes:

LIÑA 1:

CONCEPTO (Liña 1)	Metalurgica Cuevas SL	Forjarousa SL	Mecanizados San Lorenzo SL
Tapado apertura RAEE	10.576.82 €	4.630.00 €	4.480.00 €
IVE incluído	12.797.95 €	5.602.30 €	5.420.80 €

LIÑA 4:

CONCEPTO (Liña 4)	Metalurgica Cuevas SL	Forjarousa SL	Mecanizados San Lorenzo SL
Portón	4.063.64 €	6.150.00 €	4.580.00 €
IVE incluído	4.917.00 €	7.441.50 €	5.541.80 €

Vista a proposta da Concellería de Xestión de Resíduos e Limpeza Viaria, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- A adxudicación do tapado da abertura no almacén de RAEE á empresa Mecanizados San Lorenzo SL, con C.I.F. B 94055159 e enderezo en Fontenla 8, San Lorenzo Nogueira, 36637, Meis, por valor de 4.480 € sen IVE con cargo á aplicación orzamentaria 1720-63200.

2.- A adxudicación do portón do espazo de reutilización e aproveitamento á empresa Metalurgica Cuevas SL, con C.I.F.: B36033462 e enderezo en O Pousadoiro - Cea 91. 36617, Vilagarcía de Arousa, por valor de 4.063,64 € sen IVE con cargo á aplicación orzamentaria 1720-63200.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

TURISMO

PRP2025/3656

A Consellería do Mar publicou a ORDE do 12 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2025

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención ao abeiro da Orde do 28 decembro de 2023, para o proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DA RÍA NOS 12 MESES, que ascende 19.053,00 €, e por o importe do 100% por tratarse dunha iniciativa de interese colectivo e beneficiario colectivo.

Pola Consellería do Mar acordouse a concesión dunha subvención, que ten carácter puliranoal, e por importe total de 18.513 €, que financia o 100% dos gastos.

A executar no ano 2025, é o seguinte:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE (IVE engadido)
2 showcookings, presentación de outros catro e instalación de cámara cenital (nos 6)	JUAN CARLOS AMEJEIRAS FARALDO NIF: 76411882V	3.751,00 €
2 shocookings sobre a conserva	JELOPA, S.L. CIF: 36224707	1.936,00 €
2 shocookins (1- cocinando con verduras e plantas mariñas, 2- grandes descoñecidos do mar)	Rocío Garrido Caramés NIF: 76824706Z	786,50 €
Deseño da imaxe do proxecto e realización de cartelería	CARLOS CRESPO NIF. 15373039T	484,00 €
	TOTAL	6.957,50 €

No exercicio 2026, será o seguinte:

CONCEPTO	PROVEDOR	IMPORTE (IVE engadido)
12 showcookings e instalación de cámara cenital	JUAN CARLOS AMEJEIRAS FARALDO NIF: 76411882V	10.648.00 €
Xestión das redes sociais	CARLOS CRESPO NIF. 15373039T	907,50 €
	TOTAL	11.555,50 €

TOTAL DO PROXECTO: 18.513,00 €

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aceptar a subvención da Consellería do Mar para o proxecto PROMOCIÓN DA GASTRONOMÍA DA RÍA NOS 12 MESES, de 18.513 €, que financia o 100% dos gastos.
- Solicitar á Intervención Municipal a incoación do correspondente expediente de xeración de crédito, na partida 432.22610, por importe de 6.957,50 €, no presuposto de 2025 e 11.555,50 € no presuposto de 2026.

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SPAD

PRP2025/3567

Vista a proposta da Coordinadora do SPAD, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Adxudicar o contrato menor de servizos denominado “Prestación de servizos consistentes na realización dun obradoiro de cerámica e técnicas artesanais no SPAD” a Dona Sara González Pombo (NIF 35489706Q), por importe de 14.400€ (exento de IVE), do que se detraerán no seu caso as retencións correspondentes, , facturándose o servizo mensualmente a razón de 1.200€/mes, de acordo coa oferta presentada, e con cargo á aplicación orzamentaria 2311-22706.

O importe total terá a seguinte distribución por anualidades:

CÁLCULO ANUALIDADES CONTRATO PRESTACIÓN DE SERVICIOS CONSISTENTES NA REALIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE CERÁMICA E TÉCNICAS ARTESANAIS NO SPAD					
CONTRATO	PRAZO EXECUCIÓN	PREZO TOTAL (IVE EXC.)	COSTE MENSUAL	ANUALIDADE 2025	ANUALIDADE 2026
Prestación de servizos consistentes na realización dun obradoiro de cerámica e técnicas artesanais no SPAD	12 MESES	14.400€	1.200€	4.200€	10200€

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2025/3538

Pola Concellería de Cultura dáse conta á Xunta de Goberno Local do convenio de colaboración asinado coa Entidade Revenidas SC para a concesión dunha subvención, por importe total de 45.000,00 € con cargo á partida 334.479, destinada a subvencionar a celebración do Festival de Revenidas 2025, que se celebrou do 11 ao 14 de setembro en Vilaxoán.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/3547

Na Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2024, acordouse aprobar gasto estimativo correspondente ao gasto de desfile Cabalgata dos Reis Magos 2025.

No gasto adxudicado para a compra de fachos a empresa Pirotécnia Penide S.L. figura 1.025,35€, sendo a cantidade correcta 1.349,15€, polo tanto:

ONDE DÍ:

PIROTÉCNIA PENIDE S.L. por importe de 1.025,35€

DEBE DICIR:

PIROTÉCNIA PENIDE S.L. por importe de 1.349,15€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado, aprobando o importe de 1.349,15 €, a favor de Pirotecnia Penide SL, que supón un incremento de 323,80 €, con cargo á partida 338.22199.

PRP2025/3548

Vista a solicitude de Dona M^a Jesús Zarate Velarde, en representación de Monasterio San Cristobal Agustinas Recoletas, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da celebración da festa de San Agustín, o día 28 de agosto de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CORAL ROSALÍA DE CASTRO	G36457745	28-08-2025	335,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/3549

Vista a solicitude de Comisión Santa María de Guillán, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da celebración da festa de Santa María en Guillán, o día 13 de setembro de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CORAL ROSALÍA DE CASTRO	G36457745	13-09-2025	335,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/3550

Vista a solicitude de Asociación Comisión de Festas San Roquiño da Fonte, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da celebración da festa de San Roque en Castroagudin, os días 30 e 31 de agosto e 1 de setembro de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
AGRUPACIÓN CORAL FOLCLORICA UNION PIÑEIRA DE GUILLAN - Grupo de Gaitas Treboada	G94007011	31-08-2025	350,00 €

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/3551

Vista a solicitude de D. Rafael Barcala Santiago, en representación de persoas veciñas da Parroquia de Trabanca Badiña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da celebración da festa na honra de San Miguel en Trabanca Badiña, o día 29 de setembro de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
ASOCIACIÓN CULTURAL CANTAREIRAS BULIDEIRAS	G94093598	29-09-2025	350,00€
ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL AMENCER	G94135449	29-09-2025	335,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2025/3552

Vista a solicitude de D. Ramiro Andrés Iglesias Santiago, como Presidente da AA.VV. San Miguel de Trabanca Badiña, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello das seguintes actuacións, con cargo á partida 338-22609, con motivo da celebración da celebración dun Serán en Trabanca Badiña, o día 27 de setembro de 2025:

NOME DO GRUPO	C.I.F.	DÍA ACTUACIÓN	IMPORTE
GRUPO FOLKLORICO MOCEDADE DA TORRE 83	G36185817	27-09-2025	391,00€

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado, sendo isto requisito para efectuar a aprobación da factura correspondente e o aboamento da mesma.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

CONTRATACIÓN

PRP2025/3539

En data 04/04/2025 e número de Rexistro WEB2025002668, Iluminaciones Santiaguesas, S.L. solicita prórroga para as Festas de Nadal 2025-2026 e Festas de Sta. Rita e S. Roque 2026, xunto a unha proposta técnica.

Dáse conta do informe emitido en data 29/05/2025 polo Xefe de Alumeado Municipal do Concello no que se informa FAVORABLEMENTE.

Dáse conta do informe da Secretaria Xeral no que se indica:

Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 14 de outubro de 2024, adxudicouse o contrato denominado “Subministración (mediante aluguer) de elementos luminosos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmonte dos mesmos para as festas de Nadal 2024/2025 e festas de S. Rita e S. Roque 2025, a distribución en Baixa tensión e conexión e desconexión das orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes das festas de S. Rita e S. Roque, 2025” cun orzamento de licitación de 115.000,00 € (IVA incluído) á empresa ILUMINACIONES SANTIAGUESAS, S.L (NIF: B15279359).

Con data 12 de novembro de 2024 procedeuse á sinatura do correspondente contrato administrativo, onde se fai constar que o prazo de execución do subministro é o seguinte: O contrato terá unha duración de 1 año, contado a partir da data da sinatura do contrato. O contrato poderá prorrogarse por anualidades ata un máximo de dous (prazo total de duración do contrato incluídas as posibles prórrogas: 3 anos).

O prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe a licitación na súa cláusula 5.3 sinala que “Agás que no Anexo I se indique o contrario, o contrato poderá prorrogarse de acordo co establecido no Art. 29 da LCSP. O contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos art. 203 a 207 da LCSP”.

Pola súa banda, no anexo I.13) do PCAP indícase que: “O contrato poderá prorrogarse por anualidades ata un máximo de dous (prazo total de duración do contrato incluídas as posibles prórrogas: 3 anos).

As prórrogas do contrato poderán ser autorizadas polo órgano de contratación previa ponderación das circunstancias que concorran. Para a autorización das posibles prórrogas será necesario que o contratista presente, antes do 15 de maio da anualidade correspondente, unha nova proposta técnica de deseño da iluminación ornamental das distintas festividades, renovando os deseños da iluminación como mínimo nun 50%”.

Dun xeito análogo pronunciase a cláusula 2 do PPT.

A cláusula 4 do PCAP indica que “Para atender los deberes económicos que se derivan para el Ayuntamiento del cumplimiento del contrato deberá de existir crédito suficiente en el presupuesto correspondiente a la primera anualidad y consignarse en los presupuestos de cada uno de los ejercicios presupuestarios a los que se extienda el contrato crédito suficiente para atender el mismo, y con cargo a la aplicación presupuestaria señalada en el Anexo I (cuadro de características del contrato), estando financiado según el desglose indicado en dicho anexo”.

De acordo co indicado no PCAP que rixe o contrato, o importe da prórroga para o ano 2025-2026 ascende a:

Sin IVE	IVE (21%)	Total (IVE inc.)
95.041,32 €	19.958,67 €	115.000,00 €

Desagregándose do seguinte xeito:

Festividade:	Sen IVE	IVE inc.
1ª parte Nadal 2025	14.869,42€	17.992,00€
2ª parte Nadal 2025, aninovo e reis 2026	59.890,08€	72.467,00€
Santa Rita 2026	6.662,40 €	8.061,50 €
San Roque 2026	13.619,42 €	16.479,50 €

O importe das anualidades correspondentes é o seguinte:

Anualidade 1ª prórroga Ano 2025	17.992,00 €
Anualidade 1ª prórroga Ano 2026	97.008,00 €

En atención ao exposto, infórmase FAVORABLEMENTE a 1ª prórroga do Contrato de Servizos denominado “Contrato mixto para a prestación do servizo de subministro (alugueiro) de elementos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2024/2025 e festas Santa Rita e San Roque 2025, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes”, para o ano 2025/2026.”

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Autorizar a 1ª Prórroga do contrato denominado “Contrato mixto para a prestación do servizo de subministro (alugueiro) de elementos ornamentais e cadros eléctricos, a montaxe, mantemento e desmontaxe dos mesmos para as festas de Nadal 2024/2025 e festas Santa Rita e San Roque 2025, así como a distribución en baixa tensión e conexiónado orquestras, atraccións, postos, barracas de feira e caravanas de feirantes”, para o ano 2025/2026, polo importe total de 115.000,00 €, con cargo á partida 338.22799.
2. Darlle traslado deste acordo a ILUMINACIONES SANTIAGUESAS,S.L.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.